

CONCELLO DE LUGO
ANUNCIO

Por medio do presente faise público o decreto da alcaldía núm. 3885/2022 do día 06/04/2022, que establece:

Excma. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dona Lara Méndez López

Asunto: Proposta para a actualización do Rexistro de funcionarias e funcionarios habilitados: altas e baixas de persoas habilitadas.

O Decreto 19006461, do 24 de xullo, crea o Rexistro de funcionarias e funcionarios habilitados do Concello de Lugo (RFH), establecendo o seu réxime de funcionamento, así como os requisitos e condicións para a formalización da habilitación.

Segundo consta na disposición cuarta destas normas de funcionamento, só poderán ser habilitados os funcionarios e funcionarias que se atopen en situación de servizo activo e que contan cun certificado de sinatura electrónica, sendo competencia da asinante, Xefa de Servizo de Participación e Atención á Cidadanía, tanto a comprobación dos requisitos como da formulación da proposta para a súa aprobación por parte do órgano competente.

A entrada en funcionamento do Rexistro electrónico obriga inevitablemente á dixitalización da documentación achegada pola cidadanía, así como á necesidade de desenvolver cando así se precise, as funcións de asistencia á cidadanía en materia de firma electrónica que, segundo o previsto nos arts 12 e 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común, están atribuídas a funcionarias e funcionarios habilitados.

A mobilidade laboral e funcional dalgúñas persoas, coa conseguinte asunción de novas atribucións; así como a xubilación doutras, determina a necesidade de actualizar o Rexistro de funcionarias e funcionarios habilitados do Concello de Lugo (RFH). Este debe recoller a alta das persoas que pasan a desenvolver funcións de dixitalización da documentación achegada pola cidadanía, así como das relacionadas coa asistencia á cidadanía en materia de firma electrónica e a baixa das que deixaron de realizalas.

En virtude do exposto, tendo en conta que resulta xustifico no expediente instruído para os efectos que os funcionarios e funcionarias que a continuación se indican, atópanse actualmente en situación de servizo activo, contando con certificado de sinatura electrónica de empregado público e gozan da condición de funcionarios/as de carreira, reunindo os requisitos previstos na disposición cuarta do indicado decreto, a asinante Xefa do Servizo de Participación e atención cidadá formula proposta á Alcaldesa para que no uso das atribucións conferidas no artigo

ATENCION CIDADA

ARH/cnv

Refº: ispac3498906531501577101.doc

Asunto: Habilitación de funcionarios/as

124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, adopte a seguinte resolución:

Primeiro: Habilitar, co alcance funcional recollido nos art. 12 e 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPAC e para a realización das funcións neles establecidas, aos funcionarios e funcionarias que de seguir se relacionan.:

Nome e apelidos	DNI	Posto traballo
Eduardo Fernández Gasamans	44818892B	Auxiliar Rexistro
Maria Carmen Neira Vieito	33848794Q	Xefa de Sección de Atención Cidadá.

Segundo: Habilitar, co alcance funcional recollido no art. 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPAC e para a realización das funcións nel establecidas, aos funcionarios e funcionarias que de seguir se relacionan.:

Nome e apelidos	DNI	Posto traballo
Angel Adolfo Delmo Suanzes	50800308R	Auxiliar Tarxeta cidadá
Jessica Naya Martinez	46912868K	Auxiliar Cemiterio
Jesus Enrique Requejo Peccis	50720832J	Auxiliar Estatística
Maria Carmen Varela Buño	34893020L	Auxiliar Estatística
Domingo Manuel López López	33337897H	Auxiliar Mobilidade e transportes

Terceiro: Expedir para cada unha das persoas designadas, unha credencial de funcionaria ou funcionario habilitado cos datos contidos no Anexo II do decreto 19006461 do 24 de xullo, polo que se crea e regula o Rexistro de Funcionarias e Funcionarios Habilitados do Concello de Lugo.

Cuarto: Ordenar a incorporación das habilitacións outorgadas ao Rexistro de Funcionarios e Funcionarias habilitadas do concello de Lugo creado polo decreto 19006461 do 24 de xullo.

Quinto: Aos efectos previstos no art. 12.3 da Lei 39/2015, LPACAP, e con obxecto de posibilitar a interoperabilidade e interconexión cos Rexistros de habilitados de todas as restantes Administracións Públicas, adoptaránse as medidas necesarias a fin de que estos datos sexan incorporados á base de Habilit@, ferramenta informática do Centro de Transferencia e Tecnoloxía da Administración Xeral do Estado, (AGE).

Sexto: Declarar o fin da habilitación expedida aos funcionarios e funcionarias que a continuación se relaciona e que foi expedida por Decreto núm. 19008382 do 02/10/2019:

Nome e apelidos	DNI	Posto de traballo	Causa
Yolanda Díaz Gómez	33351623J		Cambio posto.
Iria González Fernández	33344597W		Cambio posto
Blas Torrón Folgueira	33340278F		Cambio posto
Marcos Jesús López Fernández	33857750W		Cambio posto
Luis Rafael Varela Nogareda	33228688J	Auxiliar Cemiterio	Xubilación

Sétimo: Notifíquese a presente resolución, que pon fin a vía administrativa ás persoas interesadas, coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:

a) Recurso de reposición, potestativo, ante a Xunta de Goberno Local no prazo de 1 mes contado a partir do día seguinte a aquel no que se reciba esta notificación (art. 112, art.123 e art.124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

b) Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da notificación da presente resolución ou, no seu caso, 2 meses a partir da notificación da resolución expresa do recurso de reposición. En caso de que non se produza esta resolución expresa, o prazo será de 6 meses a contar dende o seguinte a aquel no que se produza o acto presunto (art. 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo e art.123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

c) Tamén poderá interpoñer calquera outro recurso que considere procedente en defensa dos seus intereses

Oitavo: O presente decreto deberá ser publicado na Sede electrónica e Portal de Transparencia municipal.
Cúmprase.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Tenenta de Alcaldesa, M^a Cristina López Fernández.
(Documento asinado dixitalmente na marxe).